



De esquerda a dereita, Xavier Docampo, María Xosé Queizán e Bernardino Graña participantes neste Encontro.

O Galeuska substitue a viaxe ao monumento pola viaxe ao coñecimento

Celebrouse en Biarritz os días 24, 25 e 26 de Outubro coa literatura de viaxes de fondo

♦ A. ESTÉVEZ

A viaxe é a intención, o afán de comprender e comunicar, de fixar das sombras e por iso a escrita tamén é unha viaxe. Así o explicou na sua ponencia María Xosé Queizán, a única escritora na delegación galega no *Galeuska*, que se celebrou en Biarritz os días 24, 25 e 26 de Outubro. Esta 14ª edición xirou ao redor da literatura de viaxes nunha dobre dimensión: a viaxe na percura dun mesmo e na percura dos demais. Coincidiron moito os escritores das tres nacionalidades na necesidade de viaxar para coñecer ao outro e tamén para rexeitar aos que aseguran con malicia que os nacionalismos cúranse viaxando.

"Un dos puntos más interesantes que se analisaron foi a visión do nacionalismo castelán e, incluso do francés cara as nacionalidades históricas. Ambos tuvieron unha visión impositiva 'cosas outras nacionalidades', comenta Alfonso Alvarez Cáccamo, un dos asistentes ao Galeuska. Con el ian Uxío Novoneyra e Miguel Anxo Fernández-Vello, presidente e secretario da Asociación de Escritores en Língua Galega.

A escritora fixo, ao tempo que unha viaxe pola sua obra, unha análise do que ten a escrita de percura. Rexeitando as viaxes "a ciudades e monumentos que poden ser substituidas por filmínas", a viaxe é para Queizán a paideza platónica, o fuxir das sombras, o coñecimiento, o resgate dos demais e, por fin a volta ás orixes "para retorcerelle o pescoco a Platón". Na súa intervención, María Xosé Queizán tratou tamén a aventura das mulleres contra do patriarcado e criticou os nacionalismos que percurran o mixinxeño. "Certos críticos nacionalistas tamén parecen alimentados polo temor a perder aquilo de máis valioso, o que os distingue, o chan ontolóxico e, ao mesmo tempo, miserável e inculto".

Os actos centrais desta edición do *Galeuska* foron as tres mesas

redondas sobre a viaxe interior, a literatura de viaxe e a viaxe na literatura. Na primeira intervención Lluís Messeguer, pola literatura catalana, Ramiro Fonte, pola galega e a escritora Itxaro Borda, por Euskadi. Precisamente esta tivo que abandono rapidamente o evento para acudir a outro: a inauguración dunha *ikastola* en Euskadi Norte. Na literatura de viaxe, participaron Xosé Palomero, polos países cataláns, Jose Mari Iturralde, polo País Vasco e María Xosé Queizán, que levou a ponencia oficial da Asociación de Escritores en Língua Galega.

A escritora fixo, ao tempo que unha viaxe pola sua obra, unha análise do que ten a escrita de percura. Rexeitando as viaxes "a ciudades e monumentos que poden ser substituidas por filmínas", a viaxe é para Queizán a paideza platónica, o fuxir das sombras, o coñecimiento, o resgate dos demais e, por fin a volta ás orixes "para retorcerelle o pescoco a Platón". Na súa intervención, María Xosé Queizán tratou tamén a aventura das mulleres contra do patriarcado e criticou os nacionalismos que percurran o mixinxeño. "Certos críticos nacionalistas tamén parecen alimentados polo temor a perder aquilo de máis valioso, o que os distingue, o chan ontolóxico e, ao mesmo tempo, miserável e inculto".

Na literatura de viaxes a experiencia do extraño debe integrarse na propia para acadar a pluralidade humana. "Porse na conciencia allea é tamén verse dese fóra", dí a autora de *Amantía. O segredo da pedra fogueira ou Antígona, a forza da sangue*. Queizán lembrou a viaxe dos emigrantes galegos e agora a chegada dos "os bueno-barato, a criada filipina, o africano cuberto de alfombras, a prostituta colombiana" e resenhou que a solidariedade de parte da identificación cos outros. "Desde a nosa diferéncia, ten maior coeréncia a nosa oposición a unha cultura monolítica, pero sempre que a nosa diferéncia poda ser diferéncia en xeral, sempre que non se considere unha cultura pura, auténtica, aristocrática que reduza, á sua vez, singularidades".

Os amantes do terruño

No *Galeuska*, os escritores danse ánimos mutuamente, segundo conta Alfonso Alvarez Cáccamo, porque "reforza as nosas ideas e os nosos proxectos a comunicación e o intercambio con escritores de llinguas con problemas como a nosa". Cáccamo asegura que "as ponencias dos galegos son escotadas con moiato interese e os escritores galegos soños dos más coñecidos e recoñecidos no Congreso". Quen desmontou os tópicos sobre a pechañón das literaturas

nas nacionalidades foi Nacho Taibo, que compartiu mesa co basco Antton Luko e con Vicente Llórra, quen ten traducido ao galego *O entusiasmo reflexivo. Metáfora e sentido na fin de século*. Taibo lembrou aos autores viaxeiros da Galiza: Otero Pedrayo na percura da luz de Europa, Queizán con *Amantía*, Cunqueiro con *Simbab e Queipo con Artico*. Nacho Taibo arremeteu contra os que falan de terruño e que os nacionalismos se curan viaxando. "Precisamos viaxar para sentirnos parte deste mundo cada vez más pequeno e cada vez más complexo, para sabermos cal é o noso lugar na engraxaxe, o posto que teimaron en roubarnos, e non o que conseguiron, ben caro, vender-nos".

A Asociación de Escritores Bascos, que organizaba esta edición do *Galeuska*, deu a coñecer aos participantes Euskadi Norte desde o primeiro dia. Nengún dos poñentes bascos e cataláns deixaron de felicitar aos escritores galegos polo ascenso do nacionalismo. O primeiro dia tamén abriu o salón xuvenil do libro, no que intervén Xavier P. Docampo xunto a Mariasun Landa, escritora basca traducida ao galego e Pau-Joan Hernández. Docampo analisou críticamente o tratamento que se dá á literatura na escola, lugar onde a maioria dos nenos descubren os libros. "É preciso que a literatura perda ese cheiro que se lle pegou de ser algo que está ligado esclusivamente á escola, ao acto didáctico". O congreso rematou, non sen que antes da viaxe de volta, os escritores galegos pasaran por Donostia, para os que paga a pena o *Galeuska* "só polo respeito" e intercambio coas outras literaturas". ♦

Unha cova no Cotillón

Lois DIÉGUEZ

Desde San Fiz de Cangas, no concello de Ferreira de Pantón, baixa unha estradilla até as ribeiras do Cabe, fondas e precipitas. Da outra banda queda Sober, co camiño de ferro paralelo ao río. Uns cipreses entre a arboleda redonda e mestra sinalan Rosende. Queremos chegar a O Cotillón, na parroquia de San Román de Acebre. Interesantes, mais escasos documentos históricos, falan-nos de que ali, un conde de Lemos, D. Fadrique Enríquez de Castro, construíu unha Torre que chamaron de Quitapesares. Xermán Vázquez, historiador monfortino, recolle no seu libro sobre Lemos que o tal Fadrique era "o maior monteiro e cañor que houbo en Castela, pois tifia unha nómima composta por mil sabuesos, doucentos aláns e lebris e vinte cazadores de neblis, e xerifates e azores", por iso construiu a tal Torre nesa zona de abundosa caza. Traducindo aos nosos tempos, a Torre de Quitapesares viña a ser como o chalet de fin de semana para, más que o descanso, a xoldra e o goce desenfadados. E decímos isto porque ainda hoxe, os veciños do lugar falan de que aquilo era espazo reservado a nobres e abades para consumar as suas crónicas "cazatas" medievais.

Chegados a O Cotillón, despois de múltiples paradas para nos admirar nesa paisaxe de montaña, din-nos que da Torre nada queda, e que se pensa que estivo no lugar que hoxe ocupa unha casa de rexia cantaria. O Cotillón forman-no un grupo de construción sobre un outeiro que se asoma en balcón ao Cabe. Sente-se o seu rumor ao brincar entre os penedos. E falando coa xente din-nos que na casa do Portaleiro, acaba-se de descubrir unha cova de grande valor. Aló imos, á parte alta, virando para a esquerda. O Portaleiro e Felicia, a muller, adentran-nos na ral Cova que venían utilizando como adega. É longa, excavada en pena morta. Ve-se perfectamente a pranta de cruz latina, coa abside e os brazos curtos. Unha capelina lateral servía, seguramente como cela de eremita. Falamos, posiblemente, dunha construcción do século V, ou VI, do tempo dos suevos. A Ribeira Sagrada está inzada de construcións románicas que en tempos anteriores foron parte de cenobios, pero até agora sempre se meteu a tal Ribeira no Sil ou no Miño, da banda de Ourense. Con este insólito descubrimento teremos que abrir os lindos, quizás, a todo o Val de Lemos, incluíndo nel a O Incio, e mudar conceitos históricos traídos desde fóra. Scrán estes, logo, dados nosos, proprios, que axudarán a completar esa longa historia nacional tan necesaria de estudos propios. Co Portaleiro e coa Felicia tomamos un vaso do viño destas ribeiras achegadas a Espasantes para celebralo. Convidámos-vos a nos imitar. ♦